

Concello de Outes

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA¹

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación dos servizos comprendidos no **Programa “Outes Concilia”**: *Madrugadores, Tardes Divertidas, Tempo de Nadal, Tempo de Entroido, Tempo de Pascua e os Campamentos de Verán*, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de *10 días naturais* a patires do día da publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	<i>A falta dunha ordenanza que estableza os prezos públicos dos distintos servizos do Programa “Outes Concilia” fai necesaria a súa aprobación para determinar a contribución das familias beneficiarias a financiación dos mesmos.</i>
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	<i>Debido a mellora e ampliación dos servizos municipais de conciliación, a través da posta en marcha do Programa “Outes Concilia” é preciso contar coa contribución económica das</i>

¹ Poderá omitirse este trámite cando a proposta non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigações relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia. De igual maneira, poderá prescindirse deste trámite no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen.



Concello de Outes

	<p><i>familias beneficiarias nos custos dos servizos. En conformidade co artigo 127, en relación co disposto no Capítulo VI do Título I do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Outes procede a regular mediante a presente ordenanza o establecemento dos prezos públicos, que constitúen a contraprestación económica pola utilización dos servizos de conciliación establecidos no regulamento do Programa "Outes Concilia".</i></p>
Obxectivos da norma	<ul style="list-style-type: none">• Regular os prezos públicos polos servizos prestados no Programa "Outes Concilia", con ou sen a colaboración doutras administracións ou entidades.• Dotar de estabilidade ao programa.• Garantir un uso responsable dos servizos de conciliación.• Facilitar as familias de Outes conciliar a súa vida laboral e familiar a través de servizos municipais.

En Outes, no día da data sinalada á marxe
O alcalde, Manuel González López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

